

**Ramiro Fonte. *As bandeiras do corsario.*
*Sobre poesía e poetas***

Luciano Rodríguez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RODRÍGUEZ, LUCIANO (2011 [1996]). “Ramiro Fonte. As bandeiras do corsario. Sobre poesía e poetas”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1995, 208-210. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1555>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RODRÍGUEZ, LUCIANO (1996). “Ramiro Fonte. As bandeiras do corsario. Sobre poesía e poetas”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1995, 208-210.

* Edición dispoñíbel desde o 12 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**RAMIRO FONTE. AS BANDEIRAS DO CORSARIO.
SOBRE POESÍA E POETAS**

Luciano Rodríguez

Ramiro Fonte. *As bandeiras do corsario. Sobre poesía e poetas*
Vigo: Editorial Nigra

A ninguén que se mova no ámbito literario lle é alleo o nome de Ramiro Fonte. Agora ben, a súa aportación á poesía dos oitenta —central e imprescindible— fixo que outras tenzas da creación literaria por el cultivadas pasasen máis desapercibidas; pensamos na narrativa —aí están, a modo de exemplo, as narracións de *As regras do xogo* (1990) ou a novela *Os leopardos da lúa* (1993)— ou no ensaio literario onde ten reflexionado sobre a obra poética de Luís Pimentel, Fermín Bouza-Brey, Celso Emilio Ferreiro ou Ramón Cabanillas.

Certamente que a poesía é o seu primeiro e máis querido medio expresivo, pero isto non debe levar a acantoar outras formas expresivas, como en boa medida entendemos que se ten feito coa obra narrativa e ensaística, nada desmerecente da creación poética. É máis, podemos dicir que toda a súa creación —poesía, narrativa e ensaio— intenta dar resposta a unha serie de interrogantes que acosan ó home actual, nun momento de fonda crise de valores, coincidente coa fin de século. Unidade conteudística continuada, pois, nunha pluralidade expresivo-formal. Neste sentido son ben explícitas as palabras que el escribe no limiar de *As bandeiras do corsario* (1995) e en concreto aquelas nas que relaciona poesía e reflexión:

Debo indicar tamén que, en boa medida, todas estas lecturas son fielmente paralelas ós poemas que escribín nestes últimos anos e, máis en concreto, ós libros *Adeus Norte* e *Luz do mediodía*. Quero dicir con isto que preguntas semellantes ás que eu refiro a estes autores tamén as fixen nos meus poemas. Creo que se complementan pero, en calquera caso, non son xustificacións teóricas da miña obra creativa, e van unicamente dirixidas ó lector de poesía.

No que segue queremos presentar *As bandeiras do corsario*, cartas de navegación, —diálogo con catorce poetas universais do século XX—, que xunto co libro de poemas *Luz do mediodía* (Espiral Maior, A Coruña, 1995) son as dúas entregas que nos fixo o escritor de Pontedeume neste ano que vence.

Se entendemos que o poeta é o home que lle volve dar palabras ás “cousas” en tanto cousas e non “obxectos”, facéndose eco, no seu nomealas, da vivente e elocuente vibración do Ser nas cousas, eco do silencio do que están enchidas, como di Hugo Mujica (*La palabra inicial*, Trotta, Madrid, 1995, p. 46), Ramiro Fonte escolleu ben atinadamente catorce interlocutores que lle permiten establecer, redefinir, o lugar da poesía na sociedade actual.

Falar desde o poético con voz, minoritaria, de colectividade, facer que realmente sexan “as palabras da tribo”, que a mirada cofigure o espacio que adiviñan o oco das palabras.

Os interlocutores de Ramiro Fonte comunicánnos, desde a súa conciencia de suxeito escindido do que nos fala a modernidade desde o Romanticismo ata hoxe, a angustia e a aflición, a mirada interior e a situación externa da afectividade, o mundo que queren e o mundo que perden... En definitiva, todos eles intentaron crear o espacio do home consciente no mundo dos nosos días.

Expresáronse en alemán e os seus nomes son Georg Trakl —expresionismo desgarrado e voz crepuscular do tempo— e Paul Celan, esgazada voz que fica cinza na pedra, mentres emprende viaxe eterna polas augas do Sena cara ó túnel do tempo que ilumina coa palabra que deixa.

Utilizaron o inglés e ensináronnos que na modestia está a grandeza —caso de Ezra Pound—, que se poden conxugar os contrarios, paradoxos, tradición e vangarda —como fai moi sabiamente T.S. Eliot— ou que as illas múltiples da linguaxe poden dar sentido ós mares da mirada, como consegue Derek Walcott.

Falaron español e as súas voces deixaron ecos desgarrados tremendamente humanos como os de César Vallejo, soidades intensas, dolorosa e elegantemente asumidas como as de Luis Cernuda, ou tentaron crear outro novo mundo desde as orixes e a mirada proteica dun Pablo Neruda.

Falaron en francés e instauraron a luz meridional nun hermetismo de claridade diáfana que cala profundamente ata o óso da existencia na voz —”común presencia”— de René Char.

Desde o portugués o pluripoeta Fernando Pessoa non fixo senón ficcionalizar a realidade ou realizar a súa ficcionalización; mentira e verdade son dous termos que na súa poética se relativizan, difuminan as marxes, absorbidos pola outra realidade que funda a palabra. Recordemos que o poeta non finxe nin mente, el só intenta facer que os outros sintan o que el sente:

Sentir? Sinta quem lê!

Falan en italiano e a voz de Pier Paolo Pasolini lévanos a facer florir as rosas da cinza, nun intento de queimar as naves da partida para facer realidade as viaxes infindas no mar da palabra.

En Rusia Osip Mandelstam ergue a súa palabra contra o tirano opresor que quere facer calar a voz da poesía que fala en liberdade, en defensa do home e da súa grandeza.

E a voz checa de Jaroslav Seifert, rapaza en flor, primavera, vitalidade incombustible, dialoga coa voz nocturna e sombriza do seu compañeiro e amigo Vladimir Holan; mundos paralelos, contrapostos, que se complementan.

Nestes diálogos que Ramiro Fonte establece cos poetas mencionados hai unha profunda sabedoría, unha ben dosificada e asimilada información que o lector avisado pode percibir e ben que agradece. Non hai histrionismo nin afán de “epatar”, só voz asumida que sedosamente se achega ó lector invitándoo a unha nova viaxe: a lectura.

Velaí o lugar da poesía.